

PROXECTO E-DIXGAL



Data aprobación: 06/06/2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. Lama das Quendas

R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es



ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN DESCRITVA DO CONTEXTO DO CENTRO.....	2
2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.....	3
3. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN Á REDE INTERNET DO CENTRO EDUCATIVO.....	3
4. COMPROMISO DE QUE AS AULAS QUE SE VAN EMPREGAR NO PROGRAMA SON AULAS DIXITALIZADAS	3
5. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.....	4
6. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.....	6
6.1. ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS	6
6.2. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS ESPACIAIS E MATERIAIS.....	6
6.3. METODOLOXÍA.....	6
7. PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO E-DIXGAL	7
8. MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL EN 1º E 2º DE E.S.O.	8
9. AVALIACIÓN DO PROXECTO E INDICADORES DE LOGRO	9

1. INTRODUCCIÓN DESCRITVA DO CONTEXTO DO CENTRO.

A vila de Chantada, onde radica o centro, é o principal núcleo de poboación do partido xudicial e da comarca do seu mesmo nome. O seu municipio ten unha superficie de 178 quilómetros cadrados, aséntase no Suroeste da provincia de Lugo entre o Monte Faro e as Ribeiras do Miño, posúe unha poboación de 8.371 habitantes (censo ano 2017) distribuída entre a vila (50 %) e nas trinta e seis parroquias.

O I.E.S. Lama das Quendas encóntrase no casco urbano da vila de Chantada (Lugo), na súa parte noroeste, na rúa *Uxío Novoneyra*. Ao outro lado da rúa atópase o *Colexio de Educación Infantil e Primaria Xoán de Requeixo*.

As actividades económicas da zona de cobertura do centro dependen dos seguintes sectores:

Sector agrogandeiro: A gandería é un dinamizador económico de gran importancia. A cooperativa AIRA, que abrangue as cooperativas ICOS, Cogasar, Agris, Coelplan e Aira, é un referente no sector en Galicia, contando na actualidade con preto de 2500 socios. Conviven con este importante sector vacún pequenas explotacións de gando ovino. No sector agrario compre destacar a produción de produtos ecolóxicos como a castaña, a cereixa e as mazás para a sidra, pero é a viticultura a que ocupa unha gran superficie do concello, incluída a zona de denominación de orixe *RIBEIRA SACRA*, sendo un motor de dinamización económica (24 adegas comercializan a súa produción neste concello).

A industria: O polígono industrial “*Os Aciuros*” aglutina gran parte da actividade económica de Chantada, contando coa presenza de diversas empresas relacionadas coa transformación de produtos agrarios (Castañas Naiciña, Sidrería Galega, etc...). Outras empresas prestan servizo ás necesidades de empresas e particulares da comarca como Agrobotica, Gasolube, etc...

Sector servizos: Unha porcentaxe da poboación dedícase a traballar nos comercios, bares e restaurantes que hai na vila, na artesanía Téxtil e da madeira. É o sector maioritario que se mantén por adquisición do sector primario, e a pequena industria local. Nos últimos anos, a empresa *Hotusa*, relacionada co sector turístico, estableceuse cunha sede en Chantada, dando traballo a máis de 200 persoas.

O modelo familiar da meirande parte das familias é o tradicional, en moitos casos conviven varias xeracións da mesma familia no mesmo fogar, aínda que os cambios experimentados na sociedade provocaron a existencia de moitas familias monoparentais. Non obstante, son familias estables e enraizadas na comarca. Tamén hai moitas familias que regresaron das cidades por mor da crise, e outras procedentes de diversos lugares do estranxeiro (Venezuela, Colombia, Marrocos, ...). O nivel económico está na media rural da Comunidade Autónoma.

O número de alumnos/as nos últimos anos oscila arredor dos 300, repartidos entre E.S.O, Bacharelato, Educación de Adultos, Formación Básica Inicial para adultos e Galego e Castelán para inmigrantes. Tamén se imparte o **programa Cuale** (ensinanzas de idiomas) para Inglés, e ademais o

centro funciona como unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos, que na actualidade imparte varios niveis do idioma Inglés.

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

Enmarcada nas accións que se dispoñen na *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* (B.O.E. Nº 106, 4 de maio de 2006), e a súa modificación, é dicir, a *Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)* (B.O.E. Nº 295, 10 de decembro de 2015), e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, o I.E.S. Lama das Quendas conta no seu proxecto educativo de centro, cun plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

Así, xa desde o curso 2010/2011 o centro participa no Proxecto Abalar nos cursos de 1º e 2º de E.S.O., intentando que o uso das TIC se integren na práctica docente.

En consecuencia, a comunidade educativa do centro quere dar un paso máis, e agora mediante este proxecto desexa aumentar a dixitalización nas aulas dos primeiros cursos de secundaria, con novos materiais e recursos curriculares que farán cambiar a metodoloxía docente na maioría das materias destes cursos, e que será o camiño para a integración total das TIC no ensino nestes cursos.

Por último, indicar que a maior parte do alumnado de 1º curso de secundaria procede do CEIP Xoán de Requeixo de Chantada, onde xa está implantado o proxecto E-Dixgal, polo que a incorporación no noso centro daralle continuidade do mesmo a este alumnado.

3. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN Á REDE INTERNET DO CENTRO EDUCATIVO

O centro dispón dunha rede de internet por cable instalada fai menos de 10 anos completamente nova, que proporciona internet a todas as estancias do centro. Ademais, existen 5 puntos de conexión WIFI. **Desde o curso 2015/2016 a velocidade máxima de conexión é de 200 Mbps.**

4. COMPROMISO DE QUE AS AULAS QUE SE VAN EMPREGAR NO PROGRAMA SON AULAS DIXITALIZADAS

O programa E-Dixgal solicítase para as aulas de 1º e 2º de E.S.O., e como xa se indicou con anterioridade, o centro se incorporou ao programa ABALAR no curso 2010/ 2011. Polo tanto, todas

as aulas destes cursos contan na actualidade con proxector, encerado dixital interactivo, equipo do profesor, e ordenadores portátiles para alumnado instalados nos seus carros de carga. Estes recursos son utilizados, senón todos, parte deles, todos os días pola maioría do profesorado e alumnado.



Imaxe dunha das aulas Abalar

5. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO

O centro conta desde o curso 2009/2010 cun **plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación**, que fora apoiado polo Claustro de Profesorado e Consello Escolar.

O seus obxectivos son:

- a) Introducción das T.I.C. nos procesos de ensinanza e aprendizaxe do centro.
- b) Aumentar a competencia na utilización das T.I.C. do profesorado e do alumnado.
- c) Establecer horas de formación para o profesorado no horario xeral do centro.
- d) Utilizar as T.I.C. na mellora da xestión e organización do centro.
- e) Manter actualizada a páxina WEB do centro.
- f) Aumentar cada curso escolar os recursos técnicos dos que dispón o centro, sendo un obxectivo a medio prazo que todas as aulas onde se impartan clases dispoñan dun encerado dixital (ordenador con videoproxector) con conexión a Internet.
- g) Ser un centro educativo de referencia no uso das T.I.C.

Desde ese curso, co equipo directivo á cabeza e co apoio de todo o profesorado, estes obxectivos fóronse acadando en gran medida, e incluso nalgún caso foise máis alá do esperado. De feito, **todas as aulas do centro** dispoñen para todas as ensinanzas impartidas (E.S.O., Bacharelato, E.S.A., ...) cun proxector, un encerado dixital interactivo e conexión a internet, polo que se os recursos TIC forman parte dos recursos didácticos que todo o profesorado ten para a súa práctica docente diariamente. Tamén existen dúas aulas de informática, un aula de idiomas e unha biblioteca equipada con 10 ordenadores.



Aula multimedia



Aula de informática



Biblioteca



Aula de idiomas

Ademais, sempre existiu un profesor ou unha profesora, con destino definitivo no centro, elixido/a pola dirección do centro, que se encargou de dinamizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, tendo no seu horario unha dedicación mínima de tres períodos lectivos semanais a esa labor. As súas principais funcións son:

- Dinamizar e impulsar o uso das T.I.C. do centro.
- Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora T.I.C. da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Dar formación sobre uso didáctico do equipamento informático do centro ao resto do profesorado, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora T.I.C. da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto T.I.C. e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Manter a información do sitio web do centro.
- Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

6. **MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE**

A continuidade do proxecto está garantizada desde o momento que o I.E.S. Lama das Quendas é dos primeiros centros que empezou co proxecto Abalar, e na actualidade segue no mesmo. En consecuencia, o proxecto E-Dixgal é un paso máis no proceso de dixitalización no ensino dos cursos implicados.

6.1. **ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS**

O profesorado de 1º e 2º E.S.O. comprométese a poñer en marcha o proxecto na súa práctica docente, asegurando a súa permanencia no tempo, e para iso participará nos distintos procesos de formación sobre E-dixgal. A persoa coordinadora do proxecto comprométese a formarse en todo o relacionado co proxecto, e transmitir os coñecementos ao resto do profesorado implicado no mesmo, na medida das súas posibilidades, intentando manter unha certa coordinación entre todo o profesorado. En canto ao alumnado, preveranse as tarefas que realizarán e o seu nivel de autonomía: libre (segundo a súa iniciativa realizando actividades polas que sente maior interese), semidirixido (empregando o material como queiran pero coa finalidade de desenvolver o traballo proposto polo profesorado) e dirixido (seguindo as instrucións específicas do profesor).

6.2. **ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS ESPACIAIS E MATERIAIS**

As aulas onde se impartirán as clases de 1º e 2º de E.S.O. serán as aulas Abalar, onde existen xa os recursos técnicos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, aos que se lles aplica as normas recollidas no Plan TIC do centro en relación ao proxecto Abalar.

6.3. **METODOLOXÍA**

Unha das competencias que o alumnado debe adquirir é a **competencia dixital**, que consiste en habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección da información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

Aínda que a maioría do profesorado tende a manter as súas pautas de actuación e adaptalas ás novas situacións (máis que innovar), a **motivación** do profesorado e a súa **actitude positiva** respecto a innovación pedagóxica coas T.I.C. **umentará a medida que perfeccione a súa formación instrumental-didáctica e descubra eficaces modelos de utilización das T.I.C.** que poida utilizar na súa labor docente.

Neste sentido, utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance de todo/a profesor/a que saiba utilizar un editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, cuxa aplicación na aula realmente facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que poderá utilizar o profesorado móstranse a continuación:

▶ *O/A profesor/a explica con axuda do encerado dixital e o alumnado participa con preguntas*, co que se realiza unha avaliación formativa dalgúns/dalgunhas alumnos/as. O encerado dixital permite que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.

▶ *O alumnado ilustra as explicacións do/a profesor/a*. Despois da explicación do/a profesor/a, algúns/algunhas alumnos/as poden presentar e comentar co encerado dixital animacións, imaxes, vídeos, etc..., relacionados co tema, que buscaron previamente en Internet.

▶ *O alumnado presenta os seus traballos co encerado dixital*. Estes traballos foron realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrixe e valora.

▶ *Corrección "entre todos" de exercicios en clase*. O/A profesor/a ou os propios estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel. Todos poden expoñer dúbidas e ideas.

▶ *A actualidade entra nas aulas*. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...

▶ *Videoconferencias en clase*. O encerado dixital facilita que toda a clase poida ver e participar nas comunicacións por correo electrónico, chat ou videoconferencia con estudantes doutros centros, profesores/as, familiares, expertos ou outras persoas relevantes de todo o mundo.

▶ *Exercicios "a medida"*. Ao dispor cada alumno/a do seu ordenador, o profesor/a pode encargar a algúns/algunhas alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo.

7. PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO E-DIXGAL

O centro disporá dunha profesora elixida pola dirección do centro que se encargará da coordinación do Proxecto E-Dixgal. Esta persoa será dona Teresa Vázquez Vázquez, que xa desempeña na actualidade a función de coordinadora do Proxecto Abalar desde o curso 2016/2017 e que leva traballando no centro desde o ano 2006 . Terá no seu horario unha dedicación de ata tres períodos lectivos semanais para esa labor, colaborando nas súas funcións coa persoa dinamizadora

das TIC do centro. A dirección designará a esa persoa priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. Actuará baixo a coordinación da dirección do centro.

As funcións principais da coordinadora do Proxecto E-Dixgal serán:

- Favorecer a integración das novas dinámicas na programación das aulas E-Dixgal.
- Axudar na supervisión das labores de soporte nos equipos e nas instalacións do centro.
- Orientar ao profesorado do centro sobre o uso do servidor local de recursos (intranet do centro) e outras redes/repositorios.
- Asesorar ao profesorado do centro na solución dos problemas técnicos que poidan xurdir en relación ao uso das TIC nas aulas E-Dixgal.
- Instaurar un sistema de normas que aseguren o uso responsable do equipamento.
- Establecer canles para a difusión de boas prácticas e intercambio de información entre o profesorado do centro e con outros centros participantes no proxecto: apoio á creación de novos recursos, apoio a catalogación e xestión de recursos educativos/contidos...

A formación (cuxos certificados se xuntan como anexos do proxecto) que aporta esta persoa é a seguinte:

- A competencia dixital e o tratamento da información a través da elaboración de materiais didácticos multimedia – Nivel I (30 horas) (ano 2012) / Nivel II (40 horas) (ano 2013).
- Ferramentas de Vídeo. Edición Abalar (10 horas) (ano 2012).
- Coordinación en centros do proxecto Abalar (20 horas) (ano 2017).
- A aula Abalar. Formación técnica (30 horas) (ano 2017).

8. MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL EN 1º E 2º DE E.S.O.

O I.E.S. Lama das Quendas comprométese a que os recursos dixitais se utilicen para as seguintes materias

PENDENTES DE CONFIRMAR

Primeiro curso da E.S.O.	Segundo curso da E.S.O.
Xeografía e Historia	Xeografía e Historia
Educación Física	Educación Física
Lingua Castelá e Literatura	Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura
Matemáticas	Matemáticas
Bioloxía e Xeoloxía	Física e Química
Ed. Plástica, Visual e Audiovisual	Tecnoloxía
1ª lingua estranxeira <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués	Música
2ª lingua estranxeira <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués	1ª lingua estranxeira <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués
<input type="checkbox"/> Religión Católica ou <input type="checkbox"/> Valores Éticos	2ª lingua estranxeira <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués
<input type="checkbox"/> Proxecto Interdisciplinar: Grandes Xogos Temáticos	<input type="checkbox"/> Religión Católica ou <input type="checkbox"/> Valores Éticos
<input type="checkbox"/> Investigación e Tratamento da Información	<input type="checkbox"/> Proxecto Interdisciplinar: Grandes Xogos Temáticos
<input type="checkbox"/> Oratoria	<input type="checkbox"/> Investigación e Tratamento da Información
<input type="checkbox"/> Programación	<input type="checkbox"/> Oratoria

<input type="checkbox"/> Xadrez	<input type="checkbox"/> Programación
<input type="checkbox"/> Igualdade de Xénero	<input type="checkbox"/> Xadrez
<input type="checkbox"/> Obradoiro de Música	<input type="checkbox"/> Igualdade de Xénero

Tanto o Claustro de Profesorado como o Consello Escolar aprobaron que todas estas materias formen parte do proxecto E-Dixgal, e manifestaron o seu compromiso a darlle continuidade ao longo do tempo.

9. AVALIACIÓN DO PROXECTO E INDICADORES DE LOGRO

O obxectivo da avaliación do plan é coñecer a eficacia, o grao de aplicación, a participación da comunidade educativa, as expectativas innovadoras xeradas, os resultados reais dos logros conseguidos e as dificultades detectadas ou superadas co desenvolvemento do plan T.I.C.

Para elo establécense os seguintes indicadores para a avaliación:

- 1.- O centro conta con recursos técnicos e económicos suficientes para a aplicación do proxecto E-Dixgal.
- 2.- O proxecto conta co apoio do Claustro de profesores/as e do Consello Escolar.
- 3.- O mantemento dos recursos T.I.C. relacionados con proxecto foi axeitado.
- 4.- Incrementáronse os recursos T.I.C. durante o curso escolar.
- 5.- Existe unha persoa responsable da coordinación do proxecto, que dispón de tempo suficiente para a coordinación así como recursos para a súa aplicación e formación continua.
- 6.- O profesorado implicado no proxecto participou en cursos de formación.
- 7.- O profesorado incrementou o uso das T.I.C. na súa docencia con respecto o ano anterior.
- 8.- Aumentou o número de profesores/as do proxecto E-Dixgal con respecto ao curso anterior.
- 9.- Existiu formación do proxecto E-Dixgal no propio centro.
- 10.- Todo o alumnado de 1º e 2º de E.S.O. participou no proxecto.
- 11.- A percepción xeral é que o proxecto E-Dixgal mellora a calidade educativa do centro.
- 12.- Suxestións da comunidade educativa.

A persoa coordinadora do proxecto E-Dixgal elaborará unha memoria final ao remate de cada curso escolar onde se recollan todos os indicadores anteriores, e poderá engadir outros se o considera necesario. Esta memoria debe servir para introducir as melloras necesarias e eliminar os erros cometidos.